



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN. DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN-SERVIZO EMPREGO, RELACIÓNS LABORAIS, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL. DIRECCIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Código 27000092011985

Visto o texto do acordo polo que se aproba a táboa salarial e o calendario laboral para o ano 2026 do Convenio Colectivo da empresa CALFENSA PROYECTOS, SL, asinado o día 9 de febreiro de 2026 pola representación da empresa e polos representantes das persoas traballadoras, como membros da comisión negociadora, e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios deste departamento territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 24 de marzo de 2026.- A directora territorial, Carmen José López Rodríguez.

ACTA DE FIRMA

CONVENIO COLECTIVO DE LA EMPRESA CALFENSA PROYECTOS, S.L.

ASISTENTES

Por la representación de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L.

JOSÉ RAMÓN PANETE FERNÁNDEZ

Por la representación de los trabajadores de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L.

JESÚS BRAÑAS ARES (UGT)

CONCEPCIÓN VILLADA TRABADELO (UGT)

LUCÍA CEIDE ARIAS (UGT)

JAIME QUIROGA VEIGA (UGT)

JOSÉ POZO LORENZO (UGT)

ANGEL ANTONIO FERNANDEZ DIAZ (UGT)

ROBERTO LODEIRO REBOREDO (CIG)

JUAN CARLOS BARGUEIRAS LÓPEZ(CIG)

FRANCISCO JAVIER VIDAL RIVAS (CIG)

En Lugo, siendo las 9:00 horas del día 9 de Febrero de 2026, se reúnen en el domicilio de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L. (Ctra. Lugo - Sarria C-546 Km. 2; Santa Comba - Lugo) las personas al margen relacionadas, miembros todas ellas de la Comisión Negociadora del Convenio Colectivo de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L., adoptándose, tras los debates oportunos, los siguientes

ACUERDOS:

Primero. - Aprobar la tabla salarial vigente desde el 1 de enero de 2026 hasta el 31 de diciembre de 2026, conforme a lo previsto en el artículo 14, para lo que las partes cuentan con la representatividad suficiente y necesaria según se acredita con el Acta de Constitución de la Comisión Negociadora.

Segundo. - Aprobar el calendario laboral 2026 conforme al cuadro adjunto.

Tercero. - Remitir la tabla aprobada, así como la presente Acta y demás documentación necesaria, a la Autoridad Laboral competente a los efectos legales oportunos.

Cuarto. - A los efectos del registro y depósito de la tabla salarial aprobada y del calendario laboral igualmente aprobado, se autoriza a D^a. Guadalupe Hervera Iglesias, titular del D.N.I. núm. **321.1***, responsable de negociación colectiva de la Confederación de Empresarios de Lugo, a la presentación de la solicitud de inscripción correspondiente ante el Registro de la autoridad laboral competente, facilitando cuantos datos sean necesarios para la presentación de tal solicitud de inscripción.

Y para que así conste, en prueba de conformidad, firman la presente Acta en el lugar y fecha indicados en el encabezamiento.

Por la empresa: Fdo.: JOSÉ RAMÓN PANETE FERNÁNDEZ DNI **0245***

Por los trabajadores: Fdo.: JESÚS BRAÑAS ARES DNI **8158***; Fdo. GERARDO LEDO CARBALLO DNI **4141***; Fdo.: CONCEPCIÓN VILLADA TRABADELO DNI **5732***; Fdo. JOSÉ POZO LORENZO DNI **3389***; Fdo.: LUCÍA CEIDE ARIAS DNI **3258***; Fdo. ANGEL ANTONIO FERNÁNDEZ DÍAZ DNI **7004***; Fdo.: JAIME QUIROGA VEIGA DNI **3331***; Fdo. FRANCISCO JAVIER VIDAL RIVAS DNI **3383***; Fdo.: JUAN CARLOS BARGUEIRAS LÓPEZ DNI **3397***

Tabla Salarial 2026.- Convenio Colectivo de la Empresa Calfensa Proyectos, S.L.

Vigencia desde el 1-1-2026 hasta el 31-12-2026

Categoría Profesional	Salario base mensual	Retribución Anual
Director gerente	2.848,75	39.882,44
Técnico jefe	2.197,61	30.766,54
Jefe comercial	2.197,61	30.766,54
Técnico	1.465,09	20.511,23
Técnico en prácticas	1.220,91	17.092,73
Jefe Administración	1.872,04	26.208,61
Oficial administrativo	1.342,98	18.801,73
Auxiliar administrativo	1.220,64	17.088,93
Encargado	1.383,69	19.371,66
Oficial de 1 ^a	1.254,88	17.568,26
Oficial de 2 ^a	1.232,43	17.254,04
Peón especialista	1.232,43	17.254,04
Peón	1.232,43	17.254,04
Ordenanza/conserje	1.232,43	17.254,04
Limpiador	10,69 €/hora	

Nota.- En la categoría profesional de limpiador, el salario hora incluye la parte proporcional del descanso semanal y festivos.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Begonte, 25 de marzo de 2026.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0780

CHANTADA

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada , na sesión ordinaria do día 26/03/2026 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 10/2026 baixo a modalidade de suplemento de crédito 02/2026 con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por importe de 118.261,91 € e con cargo a una operación de crédito por importe de 205.148,96 € , por importe total de 323.410,87 € .

O expediente expónse ao público polo prazo de quince días , da acordo co artigo 169 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais , na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia , poderán presentar reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Chantada, 27 de marzo de 2026.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0805

FRIOL

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E VIVEIRO DE EMPRESAS DO MES DE FEBREIRO DE 2026

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 23 de Marzo de 2026, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes FEBREIRO, por un importe total de 5.629,09€ e, na mesma sesión, prestou ao Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, do mes de FEBREIRO, por unha base impositiva de (405,36 €), máis o IVE (85,13 €), o que fai un total de 490,49 €.

Segundo o disposto no artigo 83.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio do presente pónse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento dos prezos públicos, que dispoñen dun prazo de 20 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación. A presente publicación, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14.2.c da TRLRHL, poderán interponer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período da exposición pública dos correspondentes padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. Tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A cobranza en período voluntario tanto do Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar como do Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, dos períodos indicados, terá lugar no prazo de dous meses contados a partir da finalización do período de exposición pública do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia -BOP-, transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos que correspondan, nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2023, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas/IBAN, designadas polos contribuíntes.

Friol, 25 de marzo de 2026.- O alcalde-presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0781

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACION PADRÓN FISCAL IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCION MECANICA E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 23.03.2026 aprobouse o padrón do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do exercicio 2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza xeral dos ingresos municipais de dereito Público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 10.04.2026 ao 10.06.2026.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, pónse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 24 de marzo de 2026.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0782

*Anuncio***APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA FEBREIRO 2026 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 23.03.2026 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de FEBREIRO 2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, e no seu caso, con disposto no artigo 13 da Ordenanza xeral dos ingresos municipais de dereito público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 17.04.2026 ata 17.06.2026.

Advirtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 24 de marzo de 2026.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0783

MONTERROSO

Anuncio

Por decreto de Alcaldía de data 25/03/2026 aprobáronse as bases para a contratación con carácter laboral temporal de 01 posto de auxiliar enfermería a xornada completa con cargo o programa de reforzo do emprego 2025 da Excm. Deputación de Lugo e Concello de Monterroso como persoal laboral temporal:

-1 posto de auxiliar enfermería a xornada completa (duración 6 meses).

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do estrato das Bases no BOP de Lugo.

Monterroso, 25 de marzo de 2026.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 0784

A PASTORIZA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2026

Aprobado inicialmente, polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de marzo de 2026, o Proxecto de Orzamento Xeral e o cadro e a plantilla de persoal para o exercicio 2026, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais e disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría do Concello, polo prazo de 15 días hábiles, que se contarán dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións e suxestións que se consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

A Pastoriza, 27 de marzo de 2026.- O alcalde - presidente, D. Darío Cabaneiro Santomé.

R. 0806

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE FUNCIONARIO INTERINO MEDIANTE NOMEAMENTO POR PROGRAMAS DE CARÁCTER TEMPORAL FINANCIADO CON CARGO AO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS - PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2026

POSTO DE TRABAJO: 1 RESPONSABLE DE COMUNICACIÓN

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello da Pobra do Brollón ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de 5 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello da Pobra do Brollón, será necesario adiantala por correo electrónico: adl@concellodapobradobrollon.gal, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Oposición libre, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello da Pobra do Brollón, <https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/info.0>

A Pobra do Brollón, 27 de marzo de 2026.- O alcalde, Xosé Luis Maceda Vilariño.

R. 0807

SOBER

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2026

Despois de quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o orzamento para o exercicio económico de 2026, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 26 de febreiro de 2026, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de 3.130.000,00 €, correspondendo a cada capítulo as cantidades que se expresan a continuación:

ESTADO DE GASTOS		ESTADO DE INGRESOS	
Cap. 1.- Gastos de persoal	1.493.370,62 €	Cap. 1.- Impostos indirectos	767.253,00 €
Cap.2.-Gastos en bens correntes e de servizos	1.087.640,96 €	Cap.2.- Impostos indirectos	48.000,00 €
Cap. 3.- Gastos financeiros	3.000,00 €	Cap. 3.- Taxas e outros ingresos	428.676,55 €
Cap. 4.- Transferencias correntes	91.002,05 €	Cap. 4.- Transferencias correntes.	1.518.416,81 €
Cap. 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00 €	Cap. 5.- Ingresos Patrimoniais	11.035,25 €
Cap. 6.- Investimentos reais	434.986,37 €	Cap. 6.- Alleamento de investimentos reais	0,00 €
Cap. 7.-Transferencias de capital	0,00 €	Cap. 7.-Transferencias de capital	356,618.39 €
Cap. 8.- Activos financeiros	0,00 €	Cap. 8.- Activos financeiros	0,00 €
Cap. 9.- Pasivos financeiros	20.000,00 €	Cap. 9.- Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL GASTOS	3.130.000,00 €	TOTAL INGRESOS	3.130.000,00 €

Na referida sesión tamén se acordou aprobar o cadro de persoal, que, de acordo co que se preceptúa no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, reproducése a continuación:

ANEXO DE PERSOAL FUNCIONARIO 2026				
Denominación	Dotación	Grupo	Nivel CD	Situación
SECRETARIA-INTERVENTORA *	1	A1	28	Ocupado en agrupación
ADMINISTRATIVO	1	C1	20	Ocupado
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	C2	16	Ocupado
Total	3			

*Acordo de Agrupación do posto co Concello de Pantón de data 01.10.2025

ANEXO DE PERSOAL LABORAL FIXO 2026			
Denominación	Dotación	Grupo	Situación
BIBLIOTECARIA	1	C1	Ocupado
OPERARIO SERVICIOS MULTIPLES	2	AP	Ocupado
OPERARIO LIMPIEZA	1	AP	Ocupado
AXENTE EMPLEO E DESARROLLO LOCAL	1	A2	Ocupado
ORIENTADOR/A LABORAL	1	A1/A2	Ocupado

TRABALLADOR/A SOCIAL	1	A1/A2	Ocupado
EDUCADOR/A DE FAMILIA	1	A1/A2	Ocupado
ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL	1	A1/A2	Ocupado
PROFESOR/A ESCOLA INFANTIL	2	A2	Ocupado
EDUCADOR/A INFANTIL ESCOLA INFANTIL	1	C1	Ocupado
AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	12	AP	Ocupado
DIRECTOR BANDA DE MÚSICA	1	A2	Ocupado
DIRECTORA ESCUELA DE MÚSICA	1	A2	Ocupado
PROFESORA ESCUELA DE MÚSICA	5	C1	Ocupado
Total	31		

ANEXO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL 2026			
Denominación	Dotación	Grupo/Categoría	Situación
TRABALLADORA SOCIAL	1	A2	Vacante
PROFESORA ESCOLA DE MÚSICA	1	C1	Vacante
AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	12	AP	Vacante
EDUCADORA INFANTIL	1	C1	Vacante
PROFESOR/A Escola Infantil	2	A2	Vacante
Total	17		

Sober, 27 de marzo de 2026.- O alcalde, don Luis Fernández Guitián.

R. 0808

O VICEDO

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 23 de marzo de 2026, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de febreiro de 2026 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde - Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación

no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 23 de marzo de 2026.- O alcalde-presidente, José Jesús Novo Martínez.

R. 0785

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o día 25 de marzo 2026, aprobou inicialmente o expediente de modificación da ordenanza municipal reguladora da tenza, defensa e custodia dos animais de compañía. De conformidade co preceptuado no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, sométese o expediente a información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días, a efectos de que poidan formular as reclamacións e/ou suxestións que estimen pertinentes.

No suposto de que non se formulase ningunha reclamación e/ou suxestión, entenderase definitivamente acadado o acordo ata entón provisional.

O Vicedo, 27 de marzo de 2026.- O alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0809